

D. Rodrigo Cerviño Rodríguez como presidente da Mesa de contratación e D. Manuel Mosquera Viso como secretario da Mesa de Contratación relativo ao procedemento negociado de contratación para o desenvolvemento do Campus Móbil, Backend xenérico e aplicación de notificacións, eleva o presente

INFORME

perante o Órgano de Contratación do CIXUG atendendo aos seguintes



ANTECEDENTES

Primeiro.- Que con data 17 de xullo de 2015, atendendo a o acordo da reunión do Consello de Goberno do 3 de febreiro de 2015 no que se aprobou por unanimidade abordar o proxecto de desenvolvemento do Campus Móbil, publicouse nos taboleiros físicos das tres universidades e no taboleiro virtual do CIXUG a apertura do prazo para a recepción de ofertas por parte das empresas interesadas.

Segundo.- Que para proceder a avaliación das licitacións constituíuse a Mesa de Contratación composta por:

- Presidente: D. Rodrigo Cerviño Rodríguez
- Asesor Xurídico: D. Carlos Gómez Otero
- Interventor: Dna María Teresa Vázquez Castro
- Vogais:
 - D. José Antonio Rilo López
 - D. Víctor Carneiro Díaz
 - D. José Manuel Velo García
 - D. Juan Aguiar Fernández
 - D. Javier Cobas Bestilleiro
- Secretario: D. Manuel Mosquera Viso

Terceiro.- Que atendendo aos requirimentos da convocatoria pública se presentaron as ofertas das seguintes empresas:

- Balidea Consulting & Programming, S.L

A dita oferta foi admitida por cumprir con todos os requirimentos formais e documentais que se esixían nos referidos pregos de prescricións de aplicación.

Expediente: XU01-2015	Proposta Económica (con IVE)	Tempo Extra Garantía	Custo do Soporte (con IVE)
Balidea Consulting & Programming, S.L:	24.506,80 €	4	2000,00 €

Cuarto.- Que tralos distintos procesos de valoración da candidatura segundo se establecía nos pregos de prescricións que eran de aplicación no procedemento de contratación outorgouse a seguinte puntuación:

Expediente: XU01-2015	Sobre "B" (20 puntos)	Sobre "C" (80 puntos)	Total (100 puntos)
Balidea Consulting & Programming, S.L:	10	80	90


Quinto.- Que coa valoración obtida e tendo observado que a dita oferta se axusta suficientemente ao conxunto de requirimentos establecidos nos pregos de prescricións de aplicación ao procedemento de contratación, a Mesa de Contratación decidiu por unanimidade

ACORDAR

Primeiro- Elevar e propoñer perante o Órgano de Contratación do CIXUG á empresa que obtivo a maior puntuación no total do proceso e que ten presentado a oferta máis vantaxosa para o CIXUG:

- Balidea Consulting & Programming, S.L:

Informe que asina e presenta en Santiago de Compostela, a 21 de outubro de 2015.





D. Rodrigo Cerviño Rodríguez
Presidente da Mesa



D. Manuel Mosquera Viso
Secretario da Mesa

